



### 281. Ara (fragmento)

**Intervención arqueolóxica:** escavación arqueolóxica en área no patio do patio do Museo Provincial de Lugo, ano 1992, baixo a dirección de D. Luis F. López González.

**N.º Sección:** 1992/12/01

**Outros n.ºs:** EPI-84; MP 6 A-92-28

**Procedencia:** Lugo

**Tipo de colección:** depósito da Xunta de Galicia

**Cultura:** romana

**Cronoloxía:** ss. II-III d. C.

**Materia:** granito

**Técnica:** abrasión. Desbastado. Tallado e gravado en oco

**Dimensións:** altura 12,4 cm; anchura 17,5 cm; grosor 11,7 cm

**Conservación:** boa

**Uso/función:** votivo

**Descrición:** fragmento correspondente á parte superior dun ara, de dimensións reducidas, decorada con alternancia de toros e escocias, que presenta na cara superior un *foculus*.

O campo epigráfico conservado corresponde á liña superior, na que se le *I·O·V·I·*

*MOCV*